

# Luzes

Nº 81 | 2020 | 10€

Reportaxe

## Tailandia, a eterna migración

Desde Myanmar, Laos e Camboxa, miles de traballadores malviven en campamentos móbiles habilitados para a construción das grandes obras.

Reportaxe

## Cantigas para despois dunha pandemia

A Covid-19 evidenciou a necesidade de defender o público e unha boa ordenación do territorio.

Reportaxe

## Enclave Alcoa

Unhas cen mil persoas poden quedar no paro na Mariña. A planta de San Cibrao volve ameazar cun peche, vítima da especulación.

## Razóns para outra Galicia

As eleccións do 12X son unha oportunidade para repensar e reorientar as políticas cara os servizos públicos, que se demostraron imprescindibles nesta pandemia. A década de recortes do Goberno Feijóo ten amosado a súa incapacidade para construír un país que encara a «nova normalidade» inmerso nunha crise que ameaza con máis desigualdade e pobreza.

**r**

República

**Lois Patiño e Lúa Vermella.**  
O pop na Época Nós. Entrevista  
ao grupo de rock alternativo Bala.



# Sumario

3 Manifesto  
**Haberá Galicia despois da pantalla?**

8 Cartafol  
**Pasen e voten**

8 Toxos e Flores  
**A noticia máis simpática**  
Manuel Rivas  
**O telepresident**  
Xosé Manuel Pereiro  
Ilustración Javi Prieto

10 Aquí un amigo  
**Seica foi un fillo de Sandino**  
Crestes Suárez | Ilustración de Xulia Placón



12 Reportaxe  
**Tailandia, a eterna migración**  
Procedentes de Myanmar, Laos e Camboxa, miles de traballadores malviven en campamentos itinerantes para a construción das grandes obras no noroeste de Tailandia.  
Alfonso Portabales (Chiang Mai)

18 As ceibas  
**Feijón e o xeneral Calendario**  
Anxo Lugilde

20 Reportaxe  
**Cantigas para despois dunha pandemia**  
Da estabulación da vellez á desigualdade pasando por modelos urbanos obsoletos. O que a Covid-19 deixou ao descuberto en Galicia e a vida posdesconfinamento.  
Marta Veiga Izaguirre | Fotos Imaxe Covid

20 As ceibas  
**Territorios de sabedoría**  
Teresa Táboas



30 Reportaxe  
**Enclave Alcoa: cando a chantaxe do mercado global peta na porta**  
O peche da metade da planta de Alcoa en San Cibrao pode deixar sen emprego a case mil cen persoas, segundo cálculos optimistas. Todo o norte de Galicia depende desta industria.  
Moncho Marño | Fotos de Amador Lorenzo Illich e Brais Lorenzo

37 As ceibas  
**Renda mínima vital**  
Ramón Yáñez

38 7 Estralos  
**Hai que botalos! (reloaded)**  
Ana Luisa Bouza Santiago

40 Reportaxe  
**As matronas depuradas durante o franquismo**  
Asasinadas, encarceradas e apartadas da súa profesión, as mulleres formadas na república para axudar a parir a outras foron un dos colectivos máis represaliados na ditadura.  
Yolanda Virseda | Fotos Lola Ruz-Berdón e Alberto Gomis

## Luzes

Número 81  
maio de 2020

ISSN 2387-1431  
Dep. legal C. 115-2014

Todos os dereitos sobre os contidos pertencen aos seus autores

Dirección  
Manuel Rivas  
Xosé Manuel Pereiro  
direccion@revistaluzes.com

Coordinación  
Valeria Pereiras  
mlacion@revistaluzes.com

Maquetación e deseño  
María Luaces

Deseño web  
Daninago

Proxecto gráfico orixinal  
NUMAX

Comité de redacción  
César Lorenzo Gil  
Cláudia Morán  
Cristián López  
Dores Tembrás  
Juan Janeiro  
Luis Pardo  
María Bragado  
María Yáñez  
Marta Veiga Izaguirre  
Suso Iglesias

Coordinación web  
Valeria Pereiras  
Xosé Manuel Pereiro  
info@revistaluzes.com

Administración  
Ana Luisa Bouza  
administracion@revistaluzes.com

Publicidade  
Equipo comercial  
marketing@revistaluzes.com

Subscricións  
Clara de Vargas  
subscriptions@revistaluzes.com

Consello editorial  
Lino Braxe, Débora Campos,  
Jonathan Dunne, Antón Losada,  
Antón Patiño, Xoán Antón  
Pérez-Lema, Martine Silber

Impreso en Galicia  
Tórculo

www.revistaluzes.com  
www.luzes.gal  
info@revistaluzes.com

Santa Lusa de Marillac 9,  
Buxo C - 15002 A Coruña



# República

60 Entrevista

## Lois Patiño

O realizador vigués prepara o lanzamento da súa última película, *Lúa vermella*, na que explora a inmovilidade e na que conflúen mito e relato gótico, mando mariño e Santa Compaña.

José Manuel Barido

74 Reportaxe

## Castelao pop

O Grupo Nós foi o grande acontecemento pop de Galicia. Introducindo as correntes literarias do momento, quixeron converter o galego nunha lingua universal.

Miguel Silva Conde

80 Entrevista

## Bala(s) de prata

Conversa con Ánxela Baltar, a metade do grupo de rock alternativo Bala que prepara o lanzamento do seu terceiro álbum tras *Lume*, avaliando o percorrido iniciado en 2014, que ten no directo a súa razón de ser.

Marcos Blanco Gendrel Fotos de Facundo Pardo

88 As libreiras

As lecturas recomendadas de Lita Cutrín Ares, Cristina Barbeito, Maru Cardiel e Iria Pedreira.

45 Reportaxe

## Historia dunha culler

Relato do agasallo que Gonzalo Pozo, pai da poeta Luz Pozo Garza, lles fixo desde o cárcere ao matrimonio formado por Daniel Varela e María Piñeiro, narrado polo neto destes.

Alvaro Varela Suanzes Carpegna

51 As ceibas

## Coronamemes

Juan Janeiro

52 Profundidade de campo

## Cidade muda

Andrés Baltar Rigueira

60 A outra xente

## No rumbo das pardelas

Antonio Sandoval Rey

62 O pobo elixido

## Un refuxio para reinventarme

Emilio Iniesta

64 Querido fantasma

## «Todo ten un porqué, todo o mundo o sabe»

Luis Pardo

68 Creación

## O mundo de 2020 a 2030 (Ficción optimista)

Xavier Queipo | Ilustración Manel Cráneo

64 Retrovisor

## Fran Alonso

90 A franquear en destino

## Andrés Slaba

67 Lectoras & Lectores

68 Colofón

## O reto do público

Valeria Pereiras

Ensal de vida



«... por qué el hombre más bello del mundo y dice que ha tenido una experiencia cuando era...



A foto da capa é de **Brais Lorenzo**. Unha traballadora da residencia de maiores San Carlos de Celanova sostén a man dunha persoa interna o pasado mes de maio durante o brote de Covid-19 que afectou este centro.

O diario británico *The Economist*, unha das biblias da modernidade liberal, decretaba o 15 de maio, día de San Cidre —patrón da Piringalla—, a fin da globalización. Aceléranse os finais nas últimas tres décadas. Mudamos de milenio en 1989, case que unha ducia de anos antes da data prevista. Inventáronnos novas guerras frías, mornas e quentes. Cacháronnos nas patacas coa fin da historia, a espiral do silencio e a doutrina do shock. Asistimos con resignación ao declive do estado do benestar. Teimaron en desclasarnos. Neste recuncho de Europa, do mundo, que aterrou sen escalas na era postindustrial desde unha sociedade campesiña, cómprennos bailadoras que saiban sacar o punto, que guíen os nosos pasos desconfiados e enmascarados no tempo que se nos vén.





# CANTIGAS PARA DESPOIS DUNHA PANDEMIA

TEXTO Marta Veiga Izaguirre FOTOS Imaxe Covid

**A**NTES SEQUERA DA FASE CERO, na burbulla panificadora no máis negro do estado de alarma, levedaban os bos augurios. Aferrámonos á ladaíña de que habemos saír mellores desta. Teremos máis claras as nosas prioridades. Teceremos redes para coidar e sermos coidadas. Veremos que é posible reducir o presencialismo e a dependencia do transporte para traballar. Repensaremos o modelo produtivo. Talvez, ata nos ruralicemos e sexamos quen de poñerlle couto á turistificación e á xentificación do noso territorio. Oxalá volvamos producir alimentos e bens de primeira necesidade para nós mesmas. Quedarán listos para a reconversión os modelos de lecer e cultura promovidos desde as administracións e os patrocinadores nas últimas décadas: o monocultivo do macrofestival e a nova verbena galega, as feiras de recreación histórica e, sobre todos eles, o Xacobeo. As pestes, a Galicia, chegaran durante séculos a pé e polos camiños a Compostela.

A primeira das miserias colectivas que ficaron en evidencia foi a da estabulación da vellez en granxas de ata duascenas prazas nas que inzou a nova peste desde século XXI. Servizos concertados en mans de fondos de inversión; outra herdanza máis da liquidación das caixas de aforros galegas. Máis da metade de todas as persoas finadas por coronavirus en Europa vivía en residencias. Ata a Organización Mundial da Saúde tivo que erguer a voz.

Activistas como a traballadora social Sagrario Fernández levan anos a advertir sobre o perverso dun sistema que, por unha banda, privatiza de facto os servizos sociais e entrégaos a armazóns financeiras internacionais, e que, pola outra, engrosa a burbulla do ladrillo. É unha xestión ineficiente para coidar consonte ás necesidades das usuarias, en tantas ocasións desprazadas centos de quilómetros en función da praza dispoñible, e tamén altamente «insegura e insalubre». Aínda por riba, estes xerárquicos que erixen alcaldes, presidentes de Deputación e conselleiros como arma electoral supoñen tamén un dispendio neste país pródigo en casas deshabitadas.

Exactamente como sucede na cultura, apóstase pola política de contedores en detrimento da de contidos; neste caso que nos ocupa, a asistencia e recursos humanos proporcionados na contorna. Sagrario Fernández defende espazos de proximidade, propón circuitos comunitarios e reivindica unha aposta clara pola axuda no domicilio, para que os coidados se fagan dun xeito empático, compartido, máis desafogado e non como unha carga. Fala de que en lugares coma Suecia

hai xa anos que abandonaron as macrorresidencias en favor de centros menos intimidatorios —máis á escala das vilas e dos municipios—, nos que como máximo conviven unha decena de persoas dos arredores.

Unhas semanas despois é a fase unha.

—Ti cres de verdade que aprenderemos algo disto? Estamos aceptando sen negociar a mingua dos nosos dereitos individuais e da autogobernanza.

Ás veces, saír de paseo cunha amiga, no radio do quilómetro que nos corresponde, as dúas debidamente embozadas e separadas, é un choque de realidade.

Argumentas o positivo que resulta o debate sobre os usos urbanos e retrucas:

—Queda en evidencia que as nosas cidades están concibidas para o tráfico, para consumir en tendas e bares, e non para os seus habitantes... Quizais tomemos conciencia para mudar as cousas...

Unha hora é un tempo escasísimo para arranxar o país.

### **Ficou en evidencia a estabulación da vellez en granxas de ata duascenas prazas. Servizos concertados en mans de fondos de inversión. Máis da metade das persoas finadas en Europa vivía en residencias, que supoñen tamén un dispendio neste país pródigo en casas deshabitadas**

É por iso que lle consulto a Estela Freire, arquitecta, que traballa nunha tese doutoral sobre urbanismo, coidados e perspectiva de xénero. Vive en Santiago: «Que se aprenderemos algo? Non conseguiron nin quitar o selectivo. A xente está tomando cañas na Quintana agora mesmo!».

Estela Freire refírese a unha cidade «zonificada» que expulsa as persoas maiores e as crianzas. «Non son produtivos nin teñen dono, coma os cans». Ela é especialmente crítica cun modelo «estratificado e predeseñado», que pretende dirixir e acoutar o xogo dos nenos e poñerlle pavimento de cortiza —afastándoos do pensamento simbólico, desposuíndoos do poder de trazar as súas propias regras— e que crea tamén parques activos para anciáns.



Na apertura, unha traballadora da residencia San Carlos de Celanova dálle o almorzo a Marina, de 93 anos. 9 residentes morreron e máis de 40 deron positivo en coronavirus nesta residencia de maiores. Foto: Brais Lorenzo.

Arriba, Javi entra na auga para realizar a súa sesión de adestramento. A Fase 0 da desescalada pola Covid-19 permite o adestramento individual de deportistas federados. Vilagarcía (Pontevedra). Foto: Mónica Vila Ferreirós.

Debaixo, primeiro día de apertura de terrazas en Compostela dentro da desescalada programada polo Goberno na novena semana de confinamento pola Covid-19. Foto: Miguel Muñiz.

Defende unha «ollada ecofeminista da cidade» para coidar, baseada no intercambio xeracional, e ela traballa en obradoiros que activan as memorias, recuperan a toponimia e a arquitectura popular e alimentan «o sentido de pertenza». «É algo que debera estar no currículo escolar. Ao desapareceren os usos tradicionais, esváese unha sabedoría que nos aprende a distinguir árbores e fálanos de dereitos de uso, de paso, de rego e de servidume e que lles dá nome ás fontes e aos camiños».

Estas cidades, salienta a arquitecta, que preservan as pegadas das cuadrillas de adolescentes que procuran as congostras para baixar ao río no verán ou fumar un cigarro ás agochadas, nas que familias e amigas levan o xantar para faceren unha merenda —ou botellón— nos parques, «non dan medo». Ao crear na xente unha idea de cidade insegura, exercece tamén un control social: adeus aos xogos infantís na rúa e benvinda a expulsión dos peóns, sobre todo, das mulleres e dos anciáns.

Cun espírito semellante, María Yáñez, rutilante gañadora do premio de xornalismo na última Gala do Libro Galego, avanzaba o mes pasado a posta en marcha dun proxecto de activismo en comunicación, *mediactivism.eu*, para toda Europa e que ten como obxectivo que a xente moza xere narrativas polo dereito ao espazo público nas cidades.

O psicopedagogo italiano Francesco Tonucci, autor de *A cidade dos nenos*, ten feito de Pontevedra unha poboación símbolo das súas propostas, que pasan por gañar espazos para os máis vulnerables. «Non coñezo outro lugar no mundo que teña acometido unha intervención tan radical», comentáballe Tonucci a Serafín Alonso para *Diario de Pontevedra* só dúas semanas antes do estado de alarma. A capital do Lérez, transformada polos gobernos —en solitario e en coalición co PSOE— de Miguel Anxo Fernández Lores (BNG) desde 1999, aínda recibiu o 18 de maio o seu sétimo premio internacional pola súa seguridade viaria.

Xabier Vázquez Pumariño, biólogo, consultor ambiental e veterano no movemento ecoloxista, sinala que outra das fortalezas de Pontevedra é a medida dos 15 minutos a pé para acceder a calquera cousa. París, coa alcaldesa socialista Anne Hidalgo, está a incorporar este modelo de «15-minute city», que «crea cidades de centros múltiples, con cadansúas tendas de barrio, servizos deslocalizados e espazos para o ocio, máis cómodas e que reduzan a polución e o gasto enerxético».

—Moi ben. Supoñamos que triscamos felices e de pés nus pola herba dos parques. E que facemos cos cans en cidades, coma Lugo, nas que hai máis cánidos ca nenos menores de doce anos?

A miña amiga sempre garda un as para matar o tres.

### Tempo de transhumancia

Estes días de fin de maio, os 200 cooperativistas da Carqueixa, nos Ancares, ultiman os detalles para mudar o seu gando, que nunca está estabulado. Cada cooperativista ten unha media de 25 vacas e boa parte deles combina esta actividade coa recolleita de castaña baixo o selo do Consello da Agricultura Ecolóxica. Na Carqueixa xa atesouraban certa experiencia de comercialización en liña de carne cando petou a pandemia. Semanas antes de que volvesen os mercados, nalgúns concellos improvisáronse plataformas para darles saída aos produtores locais. «É o Amazon friolés», dixo o alcalde de Friol, José Ángel Santos (PP), en TVE-Galicia.

Con todo, o #QuedanaCasa e o solapamento de teledocencia, teletraballo e tutoriais de muiñeira sacáronlle as cores ás administracións autonómica e central, que desde hai anos se chufan da boisima Internet que temos. Ao tempo que víamos os nenos de Baralla a dar as Matemáticas (en castelán, por iso de que lles imponen o galego) a través de walkie-talkies, o ministro de Universidades, Manuel Castells, insistía na Ser-Galicia en que a fenda dixital é un mito de hai 20 anos e que as que son graves son as fendas socioeconómicas; como se a dixital non fose unha delas.

Galicia Baleira aproveitou para lembrar que a conexión a Internet en Galicia é a máis ruín de todo o Estado, especialmente en Lugo, onde un terzo do territorio non chega sequer aos dous megas e aproximadamente o 30% da poboación non ten cobertura de fibra óptica.

O divulgador Javier Pedreira, «Wicho», dos Museos Científicos Coruñeses, explicaba no Twitter que a fenda dixital ten unha manifestación dobre: «A de quen pola súa situación económica non pode acceder aos cacharros necesarios e a de quen, por moitos cartos que poidan investir, non teñen acceso en condicións». Habería que falar, ademais, da alfabetización dixital, que ten un pouco das dúas.

O alcalde de San Xoán de Río -500 habitantes-, Xosé Miguel Pérez Bleuca (Independentes de Río), vén de anunciar un centro de teletraballo con fibra e wi-fi 5G gratuíta en todas as parroquias para facilitar a actividade remota da veciñanza. No entanto, Nieves Neira publicou en *El Progreso* que, logo de andar o mundo e vivir en Nova York ou París, o enxeñeiro vigués Pedro Álvarez creou un coworking con fibra óptica na casa de Navia de Suarna na que nacera a súa avoa.

As iniciativas de San Xoán de Río e Navia supoñen dous espellismos nunha realidade teimuda, sobre todo para a comunidade educativa. Da necesidade naceron propostas colaborativas como Aulas Galegas, que achega contidos e recursos por idades e por materias



Arriba, María ensina xogando á súa filla Nora a por a máscara na primeira semana de confinamento en Trazo (A Coruña). Foto: Miguel Muñiz.

Debaixo: Un corzo cruza a estrada nos arredores de Piñor mentres o país se atopa baixo baixo estado de alarma. Foto: Miguel Riopa.





## **Bótase a faltar nesta pandemia a rede de Preescolar na Casa que mantiña unha actuación integral de ensino infantil grazas ás visitas domiciliarias de docentes, biblioteca e ludoteca itinerantes, liquidada pola Xunta en 2012 con Beatriz Mato na consellería**

para alumnado desde Infantil ata ciclos superiores. Aínda así, botábase a faltar nesta pandemia a experiencia e a rede de Preescolar na Casa, un programa que nacera de mans de Cáritas en Lugo a finais dos setenta, cando a política de colexios de concentración comezou a pechar as unitarias. Preescolar na Casa mantiña unha actuación integral de ensino infantil grazas ás visitas domiciliarias de docentes, biblioteca e ludoteca itinerantes e o apoio de espazos en RNE-Galicia, TVG, o teletexto e, xa en 1998, Internet. Cando a Xunta decidiu liquidar a iniciativa en 2012 —«é innecesario», xustificou a exconselleira Beatriz Mato— unhas 4.000 familias do país ficaron orfas. Xusto un ano antes de anunciar a fin, a Xunta levara a Praga Preescolar na Casa como exemplo de afianzamento de poboación rural. «Chegamos ao estranxeiro. O modelo estudouse en Canadá... e aquí, xa ves...».

Quen fala é Luísa Rey, 27 anos de traballo no proxecto e agora presidenta da asociación Antonio Gandoy, a súa herdeira coa colaboración das deputacións e dos concellos e a implicación de 300 familias, sobre todo nas provincias de Lugo e A Coruña. «Xa nunca vai ser o mesmo, porque aquilo deixárono morrer», insiste. «Traballabamos moito na autoestima, porque a imaxe que se adoitaba dar do rural, mesmo nos libros de texto, era idealizada ou paródica».

Esta mestra quere salientar, así mesmo, o labor de colectivos coma o CDR do Viso (entre Sarreaus e Xinzo) e o seu Pobo Escola, unha proposta para cativada de cinco a doce anos, que incorpora a cultura rural nos seus contidos, ao tempo que atende á conciliación e a necesidade de referentes interxeracionais. Criar require da tribo toda.

### **Comarcas, parroquias, país**

As vésperas da nova normalidade serviron para evidenciar que este país segue sen ter resolto o modelo territorial. Alberto Núñez Feijóo, que se reivindica dos Peares, un non-lugar entre dúas provincias e catro municipios, expresou en voz alta, por vez primeira, que as provincias «quizais estean obsoletas». O deseño provincial de 1833, o vixente, deixou vivo o Reino de Galiza só na ofrenda ao Santísimo Sacramento que acolle Lugo pola volta do Corpus. *Hoc hic mysterium fidei firmiter profitemur.*

O actual equipo de Feijóo conta con dous xeógrafos: a conselleira de Medio Ambiente, Ánxeles Vázquez, e o titular de Xacobeo (a consellería anteriormente coñecida como Cultura), Román Rodríguez. Ambos os dous fillos da Terra do Medio —Melide e Lalín, respectivamente—, esa cartografía dos bares, pubs e discotecas; de queixeiros e piteiras en feiras e mercados, que pertence á mesma diocese, mais queda partillada en dúas áreas sanitarias e tres provincias.

Por causa da Covid-19, á Terra do Medio nacéronlle marcos nos adentros.

No camiño dos 40 anos de autonomía, os gobernos galegos non foron quen de superar a provincia. O intento comarcalizador de finais dos noventa creou 53 divisións —dentro das lindes provinciais, por suposto—. Financiáronse fundacións —con xerentes, edificios, fondos Leader e Proder—, que se liquidarían en 15 anos, como se nada. As comarcas nunca tiveron (nin teñen) funcións administrativas.

Estas semanas atrás, cando estabamos por pasar á fase primeira, decatámonos de que nin sequera as parroquias, obra do Reino Suevo, tiñan a consideración de entidade local menor. Seica non houbo ocasión desde 1981 de outorgarlles a «personalidade xurídica propia» prevista no Estatuto. Asturias, por exemplo, regulara as parroquias rurais xa en 1986 e Cantabria, por poñer outro caso próximo, déralle dimensión administrativa ás súas máis de 500 xuntas veciñais en 1994.

Por iso de que non habíamos ser menos ca asturianas e cántabras, aprendemos estes días que, sen contar as autoproclamadas grandes cidades, só suman máis de 5.000 habitantes 58 das 3.771 parroquias, case que todas deitadas cara á AP-9. «As veces fágome á idea de que o mapa de Galicia é un pano: eu colleríao polas rías e sacudiríao para que as galegas e os galegos, como faragullas, se repartisen polo pano todo». O autor desta figura retórica, no equinoccio de primavera de 2020, logo de 19 anos de veciño de Lugo, percibiu á noite o canto rouco do río Miño, unha música que ata o de agora lle enmudecera o tráfico.

Estela Freire considera que a migración masiva ás cidades galegas na segunda metade do século XX,



Unha pequena mercería de Santiago de Compostela atende os seus clientes con cita previa no primeiro día de apertura para pequenos comercios. Foto: Óscar Corral.

resultou «un engano colectivo; a ilusión dunha vida mellor... a idea de que regresar á casa petrual era volver para atrás; aquilo era do que había que fuxir». Para que nos sacrificamos? Para que emigramos? Para que estudas? Para volverdes á aldea?

Sabemos que as crises de civilizacións teñen producido na historia certo abandono urbano. Sucedeu coa caída do imperio romano... Volveremos acender o lume na casa na que naceron as avoas, como Pedro Álvarez, agora que a prensa liberal dá por finiquitada a era da globalización?

—De que serve que funcionarios do campus ou da Xunta vaian vivir a Outeiro de Rei? Van ter que desprazarse a diario, ao mellor en dous coches por familia. Iso é insostible e non fixa poboación.

A miña amiga é inaccesible ao desalento nas súas teses apocalípticas.

Luísa Rey, que vive no Corgo, ao interrogante de se nos ruralizaremos máis (ou algo), resposta: «Lembras que esta había ser a lexislatura do rural? Foino? Nunca é a lexislatura do rural».

Pregúntolle a Xabier Vázquez Pumariño. É aínda menos optimista.

«Vivimos no mito de que Galicia é un país agrario; que todos temos unha horta e que iso nos vai safar da fame, pero o certo é que as plantacións forestais e gandería intensiva fixeron case desaparecer os terreos para os cultivos alimentarios».

### A tormenta perfecta

Vázquez Pumariño fala dunha «tormenta perfecta», provocada pola crise dos combustibles fósiles —«o pico do petróleo acadouse en 2008; agora mantense a produción a través do 'fracking', pero iso é unha estafa piramidal»—, un cambio climático acelerado e unha eucaliptización do territorio que empobrece o ecosistema, aos que agora se engaden esta pandemia global.

E achega datos: «Certos mitos, unidos a unha falta de formación en ciencias e en historia agraria, teñen dado unha análise lamentable. O territorio galego é extremadamente pobre; o chan en altitude non é moi produtivo e se a isto lle sumas a litoloxía, a presenza de lousa e granito, que son rochas acedas, e poucas horas de luz polos ceos anubrados e choivas, tes como resultado terras ben menos produtivas cás de Suecia ou Finlandia e moitísimo menos cás das chairas de Centroeuropa ou as periferias de glaciación, cuns solos boísimos, un clima continental moi estable e anticiclónico en primavera/verán, cando teñen máis luz... Ata é mentira que Castela sexa boa terra para cereal». Así e todo, a sociedade galega tradicional tirou durante séculos o maior proveito do que tiña ao dispor. «Nas últimas décadas quedamos sen o saber nin as técnicas; xa non temos o know how».

Este biólogo cuestiona un outro mito, o da vaca rubia. «Era o tractor. Daba algo de leite. Non existía



iso de comer xato: vendíase á xente rica das cidades. A casa con moitas vacas era sinónimo de facenda con moitas terras que precisaban varios tractores. No camiño, fomos perdendo razas de cabras e ovellas galegas, moi eficaces para obter alimento e que, ao tempo, coidan o monte, que está vixiado e pacido. Xa na República expulsárase o pastoreo das terras comunais para plantacións de piñeiros; iso provocou vagas migratorias...».

Xabier Vázquez Pumariño está certo de que a actual pandemia de Covid-19 «é o primeiro aviso do noso colapso como especie».

Agoira que nos agardan tempos de escaseza enerxética: «Si, podemos producir electricidade, pero é mala de almacenar. O hidróxeno si que dá boa almacenaxe, pero ten problemas de eficiencia. Xa sabemos cales son os riscos da nuclear e de queimar carbón...».

Considera «inviábel» neste contexto unha solución que pase pola ruralización. «Cando as grandes civilizacións afrontan unha crise de enerxía dedican arredor do 80% da súa poboación á agricultura e á

gandería», di. Por poñer referencias, apunta que en 1982, cando o Estado español entrou na daquela CEE, a porcentaxe de poboación activa ocupada no sector primario era un 16%. «Agora estamos entre o 1% e o 3%, que é unha porcentaxe moi elevada: na Europa de grandísimas extensións agrarias é o 0,7%».

Non semella que vaia ser posible mover ese un e pico por cento ata o 70 ou 80 por cento.


«Haberá que pensar en utilizar o pouco combustible para cousas útiles. Para producir comida que non teñamos que transportar. A madeira de plantacións non se come. É un despropósito termos que dedicar enerxía a apagar incendios forestais. Sería un erro usar a enerxía no transporte de mercadorías e persoas: autoestradas ou Ave a Madrid? Turismo? Teremos que nos concienciar e facer políticas para reducir os desprazamentos».

—Como?

—Eu empezaría por dicirlles adeus ás Cancelas, ás Termas, Marineda City...

\*Imaxe Covid é a ollada de seis fotoxornalistas galegos na pandemia da Covid-19: Óscar Corral, Agostiño Iglesias, Mónica Vidal Ferreirós, Brais Lorenzo, Miguel Riopa e Miguel Muñiz.

## NOVIDADES XERAIS



### Antonio Piñeiro Celada

#### VII PREMIO DE NOVELA CURTA CIDADE CENTENARIA DE RIBEIRA

Santiago de Compostela, anos setenta. Fervén as revoltas universitarias. Está a piques de rematar unha das redadas policiais contra a concentración de estudantes que tenta escapulirse nos calellos da parte vella. As portas do centro histórico están bloqueadas e o cerco preparado. Un grupo de estudantes asiste ao desenlace desde a mesa do seu bar, fronte á Porta da Mámoa. Aláín, o inspector que todos eles coñecen, xorde entre os furgóns magoado e iracundo. Algo sucedeu nas horas previas. Vellos asuntos e contas pendentes volven aflorar nesta atmosfera de revolta e incerteza, mentres o país se decanta por un novo tempo. Pouco imaxina o inspector o que vai atopar detrás da investigación que está a facer sobre un dos grupos insurxentes que operan na cidade, nun emocionante final da novela.